

## Prego económico-administrativo

Prego de cláusulas económico-administrativas, que rexerá o concurso para adxudicar mediante procedemento aberto a contratación da consultoría e asistencia técnica para o desenvolvemento e implantación dun sistema de información territorial baseado no SIG GeoPISTA en concellos da provincia de Pontevedra

### **1.— OBXECTO**

A consultoría e asistencia técnica para o desenvolvemento e implantación dun sistema de información territorial baseado no SIG GEOPISTA en varios concellos da provincia de Pontevedra, debendo contemplar os seguintes aspectos:

- Consultoría e análise dos traballos necesarios para definir as necesidades para a implantación do sistema.
- Preparación de datos.
- Formación.
- Posta en marcha.
- Probas e seguemento.

No prego de prescricións técnicas que se une como anexo descríbense con detalle as características desta contratación.

### **2.— FINANCIAMENTO**

Dito contrato financiarase pola Deputación de Pontevedra e pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial que aporta unha subvención de 250.000 euros, xenerando crédito na partida 06/911.911.662.07 do vixente presuposto provincial.

Con cargo a dita partida financíase a cantidade de 125.135 euros , correspondente o cuarto trimestre do ano 2006, incorporándose como remanente ó presuposto do exercicio 2007 o resto da subvención recibida da Secretaría de Estado.

Dita cantidade e a aportación da Deputación necesaria para completar o importe total do contrato, 500.540 euros, quedará condicionado a aprobación do presuposto do próximo exercicio 2007.

### **3.— PAGAMENTO**

O pagamento do prezo efectuarase contra a presentación das correspondentes facturas e unha vez prestada a conformidade por esta Deputación Provincial.

### **4.— PRAZO**

O prazo de realización e implantación do sistema será de un ano contado a partir da firma do contrato coa empresa adxudicataria. A partir da entrega e posta en marcha do sistema nun determinado concello establécese un prazo de seis meses para a realización de probas e seguemento do mesmo.

### **5.— TIPO DE LICITACIÓN**

O orzamento que servirá de base de licitación fíxase na cantidade máxima de QUIINIENTOS MIL QUINIENTOS CUARENTA EUROS (500.540 euros).

### **6.— CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a correspondente solvencia económica, financeira ou técnica nos termos que dispoñen os artigos 16 e 18 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (R.d.l. 2/2000) e non estean incursas nalgunha da prohibicións que contempla o art. 20 de dita norma.

A Administración poderá contratar con unión temporais de empresas que se constituán ó efecto (sen que sexa necesaria a formalización delas en escrituras públicas, ata que se formalice a adxudicación); ditas empresas serán responsables solidarias ante a Administración debendo nomear ante ela un representante ou apoderado único.

Ditas empresas deberán ter por obxecto a realización de actividades que teñan relación directa co obxecto do contrato e dispoñer dunha organización dotada dos elementos persoais e materiais suficientes para debida execución do contrato.

### **7.— GARANTÍA PROVISIONAL**

Será equivalente ó 2% do presuposto de licitación e poderá ser constituída en calquera das formas que contempla o art. 35 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Deberá ingresarse exclusivamente na Caixa da Deputación de Pontevedra.

## **8.— GARANTÍA DEFINITIVA**

O seu importe será do 4% do prezo de adxudicación, e poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 36 do T.r. da Lei de contratos das Administracións Públicas.

A constitución da garantía definitiva deberá ser acreditada dentro dos 15 días naturais seguintes ó da notificación do acordo de adxudicación. O incumprimento deste requisito, por causa imputable ó adxudicatario, dará lugar á resolución do contrato.

A garantía definitiva terá que ser ingresada exclusivamente na Caixa da Deputación.

## **9.— PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN; LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN; FORMALIDADES; DOCUMENTACIÓN**

**9.1º.- Lugar e prazo de presentación.-** As proposicións presentaranse no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra, das 9,00 ás 13,00 horas, durante un prazo de cincuenta e dous días naturais, a partir da data do envío do anuncio do contrato á oficina de publicacións oficiais das comunidades europeas e que se especificará no anuncio que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado. Se o último día de presentación de plicas cadrase en festivo, prorrogarase a presentación ó primeiro día hábil seguinte.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos que establecen os artigos 38.4º da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 80 do R.d. 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, excepto por correo electrónico.

Cando a documentación se envíe por calquera dos procedementos antes indicados o empresario deberá xustificar a data e a hora da imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (número 986 804 126) ou telegrama no mesmo día.

**9.2º.- Formalidades.-** As proposicións constarán de dous sobres pechados, denominados A e B, en cada un dos cales se fará constar o contido, na forma que se indique, así como o nome ou denominación do licitador.

Os licitadores deberán presentar un Sobre A "Proposición Económica", por cada lote no que participen, e un único Sobre B de "Documentación Administrativa".

**A) SOBRE A, denominado "PROPOSICIÓN ECONÓMICA"**, que se axustará ó modelo contido na cláusula final do presente prego. Presentarase pechado, poderá ser lacrado e precintado a petición do interesado; deberá conter a seguinte inscrición:

**PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA OPTAR O CONCURSO PARA  
ADXUDICAR MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO A CONTRATACIÓN  
DA CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O  
DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN  
TERRITORIAL BASADO NO SIG GEOPISTA EN CONCELLOS DA  
PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

Dito sobre deberá conter os seguintes documentos:

1. Proposición económica Que se axustará ó modelo contido na cláusula final do presente prego.
2. Descrición dos traballos a realizar sobre o análise que definirán a situación actual do cliente e as súas necesidades de cara a implantación do sistema.
3. Descrición das actuacións para a instalación e posta en marcha do sistema.
4. Proposta de tratamento de datos.
5. Proposta de un programa de formación, asistencia técnica e seguemento do sistema.
6. Outras melloras.

Non se poderá subscribir proposta algunha de unión temporal con outros licitadores se xa se fixo de forma individual ou con outra unión temporal.

**B) SOBRE B denominado "DOCUMENTOS"** deberá conter a seguinte inscrición:

"Documentos Xerais para optar ó Concurso para adxudicar, mediante procedemento aberto, **A CONTRATACIÓN DA CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN TERRITORIAL BASADO NO SIG GEOPISTA EN CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

Dito sobre deberá conter a seguinte documentación:

1. Documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación que teña, no seu caso, o asinante da proposición e, en todo caso os seguintes:
  1. Documento Nacional de Identidade do licitador, cando se trate de persoas físicas ou empresarios individuais, mediante fotocopia compulsada por quen teña a fe pública administrativa, ou escritura de constitución da sociedade mercantil debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando o empresario fose persoa xurídica.
  2. Poder debidamente bastantado.
  3. En caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben as proposicións, a súa participación de cada unha delas, designando á persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, teña a representación da unión ante a Administración.
2. As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea, de Estados signatarios de acordo sobre o Espacio Económico Europeo e restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar na forma prevista na L.C.A.P. e demais normativas vixentes. Todas as empresas estranxeiras, comunitarias ou non, deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos tribunais e xulgados españois.
3. Declaración do licitador, facendo constar que non se atopa incurso nalgunha das prohibicións para contratar que contén o art. 20 e concordantes do T.R. do R.D.L. 2/2000 da LCAP.
4. Documento que acrediten estar ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
5. Resguardo acreditativo da constitución da garantía provisional.
6. Informe de institucións financeiras acreditativo da solvencia económica e financeira ou no seu defecto seguro de indemnización por riscos profesionais.
7. Declaración das cifras de negocios globais de subministros realizados nos tres últimos exercicios.
8. Certificacións establecidas polos Institutos ou Servizos Oficiais ou homologados encargados do control de calidade e que acrediten a conformidade dos artigos ben identificados con referencia a certas especificacións ou normas.

## 10.— MESA DE CONTRATACIÓN

Estará composta por:

- **PRESIDENTE:**  
O presidente da Corporación provincial, ou membro en quen delegue.
- **VOCAIS:**  
O secretario Xeral da Corporación  
O interventor da Corporación.  
O Enxeñeiro Director do Servicio de Vías e Obras.
- **SECRETARIO:**  
O Técnico Adxunto do Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio da Corporación.

## **11.— CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

A Mesa de Contratación, nun acto que terá lugar ás 10.00 horas do terceiro día hábil seguinte ó de finalización do prazo de presentación de proposicións -que se coincida en festivo ou sábado realizarase o primeiro día hábil seguinte- procederá ó exame da documentación que presentasen os licitadores nos sobres B, indicando os licitadores excluídos, as causas de exclusión e demais observacións que se recollerán na Acta.

A continuación, en acto público, o secretario da Mesa de Contratación procederá á apertura dos sobres A, dará lectura ás proposicións económicas formuladas e daralles traslado ós servizos técnicos correspondentes coa finalidade de que emitan o preceptivo informe.

## **12.— CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN**

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do concurso, serán os seguintes:

1. Proposta metodolóxica e de contido para a realización do análise para a implantación do sistema, ata un máximo de 40 puntos.
2. Actuacións para a instalación e posta en marcha do sistema, ata un máximo de 40 puntos.
3. Proposta para o tratamento de datos, ata un máximo de 30 puntos.
4. Programa de formación, asistencia técnica e seguemento do sistema, ata un máximo de 20 puntos.
5. Outras melloras, ata un máximo de 20 puntos
6. Menor prezo ofertado, ata un máximo de 10 puntos.

## **13.— ADXUDICACIÓN**

O Órgano de contratación recibida a proposta da mesa de contratación e evacuados os informes técnicos correspondentes, dictará alternativamente, dentro dos tres meses seguintes ó acto de apertura das proposicións económicas, unha resolución motivada adxudicando o contrato á proposición máis vantaxosa, sen atender exclusivamente ó seu valor económico, ou declarando deserto o concurso.

A adxudicación, será notificada ós participantes no concurso. O practicar a notificación da adxudicación do contrato ó adxudicatario, requiriráselle para que constitúa a garantía definitiva, na contía e forma que se establece na cláusula 8ª.

#### **14.— FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo, dentro dos 30 días seguintes ó da notificación da adxudicación; sendo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro.

Non obstante o anterior, o contrato poderá ser elevado a escritura pública a petición do contratista e á súa costa.

#### **15.— GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO**

Serán por conta do adxudicatario os gastos de anuncios e demais que xere o expediente, que se orzamentan na contía máxima de 1.500 euros.

#### **16.— INDEMNIZACIÓN Ó CONTRATISTA**

O contratista non terá dereito a indemnización por danos que padeza como consecuencia da execución do contrato, e que non poidan imputarse á Administración.

#### **17.— RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

O contrato poderá extinguirse por calquera das causas de resolución enumeradas nos arts. 111 e 192 do T.r. da LCAP.

#### **18.— RÉXIME XURÍDICO**

En todo o non previsto expresamente no presente prego de condicións, estarase ó disposto no R.D.L.. 2/2000 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas e demais normativa que resulte de aplicación.

#### **19.— XURISDICCIÓN COMPETENTE**

As cuestións litixiosas que xurdan sobre interpretación, modificación, resolución e efectos do presente contrato resolveráas o órgano de contratación cuxas resolucións esgotarán a vía administrativa deixando expedita a vía xurisdiccional, contencioso administrativa, a teor do disposto na Lei reguladora desta xurisdicción.

#### **20.— MODELO DE PROPOSICIÓNS**

D ..., maior de idade, veciño de ..., con enderezo en ..., titular do DNI ..., expedido na data ..., actuando en nome propio ou en representación de ..., con enderezo en ..., teléfono ... segundo acredito con poder bastanteado.

Sabedor do anuncio para adxudicar mediante concurso á contratación da

**CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO E**

**IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN TERRITORIAL BASADO  
NO SIG GEOPISTA EN CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA ,**

comprométese a realizalo con suxeición ó prego de condicións económico  
administrativas particulares e de prescricións técnicas, e polo prezo  
de\_\_\_\_\_ Euros, IVE incluído.

- Ofértase como melloras ós contidos expostos no Prego de condicións:  
(Enumerar) A valoración económica das melloras é  
de\_\_\_\_\_

(Data e sinatura do proponente)"

Pontevedra, 6 de setembro de 2006

O PRESIDENTE

O SECRETARIO